



Concello de Vigo

181  
H

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **21 de setembro de 2012**, adoptou o seguinte acordo:

**24.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA “APR A-5-71 METALURXICA”. EXPTE. 4995/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral e do director dos Servizos Técnicos, de data 17.09.12, conformado pola Xerente de Urbanismo, e co dictame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 21.09.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** De conformidade co informe do enxeñeiro técnico de OOPP da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18.07.2012, aprobar inicialmente o «Proxecto de urbanización da APR AOD A-5-71 METALURXICA», promovido pola Xunta de Compensación e redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Julio Roberes de Cominges, con visado colexial de 15.09.2010, coas súas addendas redactadas polo arquitecto Leopoldo Alonso-Lamberti Casuso con datas novembro de 2011 e xuño de 2012, cun orzamento de execución por contrata de 1.075.196,18 € (IVE 21% engadido, actualizado consonte o disposto no art. 23 do Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, BOE n.º 168, de 14.07.2012), cantidade que deberá ser garantida mediante aval bancario antes da aprobación definitiva do proxecto.

**SEGUNDO:** Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no BOP e nun xornal dos de maior circulación na provincia.

**TERCEIRO:** Notificar o contido íntegro deste acordo ao interesado e as propietarios dos terreos incluídos no ámbito, e dar conta del aos servizos municipais de Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Tráfico e OSPIO e tamén ás empresas "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Gas Natural Fenosa (Gas Natural SDG, S.A.)", e "Aqualia, S.A.".

**CUARTO:** Notificar expresamente á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a apertura do trámite de información pública, dándolle traslado de copia das addendas incorporadas ao proxecto de urbanización.»

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e oito de setembro do ano dous mil doce.

ams

V. e Pr.  
O ALCALDE

Abel Caballero Alvarez.

